



A PRIMEIRA METADE DO SÉCULO XX.



"Castelao en Lugo" (Elaboración propia)



ÍNDICE

A primeira metade do século XX.

1. O primeiro terzo do século XX.....	1
1.1 A situación lingüística.....	1
<i>Exercicios</i>	2
1.2 A literatura de Noriega Varela e Ramón Cabanillas.....	2
Noriega Varela.....	2
Ramón Cabanillas.....	2
<i>Exercicios</i>	3
1.3 O Grupo Nós.....	4
Vicente Risco.....	4
Ramón Otero Pedrayo.....	5
Castelao.....	5
<i>Exercicios</i>	6
1.3. As vangardas.....	7
<i>Exercicios</i>	8
2. A longa noite de pedra.....	10
2.1 A literatura no exilio.....	10
Eduardo Blanco Amor.....	10
SOLUCIÓNES.....	11

1. O primeiro terzo do século XX

A principios do século XX o noso país segue vivindo unha situación de **atraso económico**. O poder residía en mans da Igrexa e da fidalguía, que eran os propietarios da terra. Os campesiñado organizárase para loitar pola mellora das súas condicións, a modernización da agricultura e a **eliminación dos foros**, que eran contratos nos que o campesiño tiña que pagarlle unha cantidade económica e con parte da colleita ao propietario. Non obstante, a fidalguía vai perdendo importancia ao eliminarse os foros no ano 1926 e, en cambio, a **burguesía** (gran parte chegada de fóra) gañará poder económico grazas ás actividades da banca, o comercio, a industria conserveira e a construción de barcos. Ademais, a **poboación urbana crece** e desenvólvense cidades como A Coruña ou Vigo.

Xorde un movemento político denominado **Nacionalismo**, que nace coa creación das **Irmandades da Fala** no ano 1916. Tiña como un dos seus principais obxectivos estender o uso do idioma galego e no ano 1918 converterase nunha organización política que defende a nación galega como un territorio con lingua, historia, institucións e cultura propias.

Coa chegada no ano 1931 da **II República** nace o **Partido Galeguista**, que redacta o *Estatuto de Autonomía de Galicia*. Este documento defende que tanto o galego como o castelán sexan linguas oficiais e foi aprobado no ano 1936, mais parálzase pola Guerra Civil e a posterior ditadura franquista.

1.1 A situación lingüística

O **galego** continúa sendo a lingua da inmensa **maioría da poboación** (80-90%) e o **castelán** segue a ser a **lingua de prestixio** das clases acomodadas e ambientes formais.

No primeiro terzo do século XX nacen iniciativas que buscan ampliar os usos cultos do galego como as xa comentadas **Irmandades da Fala**, o **Grupo Nós**, a **Real Academia Galega** ou o **Seminario de Estudos Galegos**, que terán como obxectivo reivindicar a nosa lingua en todos os ámbitos. Esta última é unha institución fundada no ano 1923 na Universidade de Santiago e pretende investigar sobre a realidade galega en diferentes ámbitos na nosa lingua. Escriben as primeiras **obras de ensaio** en galego (nas que un autor/a reflexiona sobre algunha temática).

Tamén hai unha preocupación de elaborar un modelo de lingua común para todos os galegos, unha **norma estándar** que supere as características dialectais de cada zona e se distancie das influencias do castelán.

EXERCICIOS

Exercicio 1

Sinala se os enunciados son verdadeiros (V) ou falsos (F):

- a) A Irmandades da Fala dedicábanse á investigación en galego.
- b) O Partido Galeguista xorde coa chegada da I República.
- c) O galego era falado pola maioría da poboación.
- d) No século XX a fidalguía era máis importante que a burguesía.
- e) A inicios do século XX prodúcese menos obras en galego que no século anterior.
- f) O campesiñado non logra que se eliminen os foros.
- g) Antes da ditadura franquista hai unha guerra civil.

1.2 A literatura de Noriega Varela e Ramón Cabanillas

Nos primeiros anos do século XX **aumenta a publicación** de obras literarias en galego, grazas tamén á creación de editoriais e revistas. Destacan dous autores nas primeiras décadas do século: **Noriega Varela**, que escribe poesía nun período anterior á fundación das Irmandades da Fala e **Ramón Cabanillas**, integrante das Irmandades.

Noriega Varela

Naceu en Mondoñedo no ano 1869. Estudou no Seminario e traballou como mestre.

É autor da obra **Montañesas**, que a partir da terceira edición cambia o seu título por **Do ermo**. Trata temas **costumistas**, sempre centrado na vida dos labregos e tamén dedícalle os seus poemas aos aspectos máis **humildes da paisaxe**.

Ramón Cabanillas

Naceu en Cambados en 1876. Emigrou á Habana, onde publicou os seus dous primeiros libros de poesía **No desterro e Vento mareiro**. En 1916 regresa ao noso país e participa nas Irmandades, no Seminario de Estudos Galegos e tamén se converte no poeta do **movemento agrarista**. Outras das súas obras son *Da terra asoballada* (destaca a temática social), *A rosa de cen follas* (temática intimista) e *Da miña zanfona* (cantigas populares).

Este autor serve de ponte entre os autores do Rexurdimento (a tradición literaria) e as vangardas literarias galegas dos anos 20. Clasificamos a temática dos seus poemas en

social, nos que expresa a súa ideoloxía nacionalista e defende a loita agrarista; temática **intimista**, nos que describe os seus sentimentos, lembra o pasado e identifícase coa natureza e moitos menos de temática **costumista e paisaxística**.

Ademais, cultiva a obra de **poesía narrativa** *Na noite estrelecida*. Esta obra recolle a temática medieval do rei Artur e os cabaleiros da Táboa Redonda, ambientada en escenarios galegos como a illa de Sálvora ou o Cebreiro.

Por último, publicou dúas obras de **teatro**: *O Mariscal* e *A man da santiña*.

EXERCICIOS

Exercicio 2

Sinala a temática das estrofas de Cabanillas e Noriega Varela

Social

Intimista

Costumista

Paisaxística

Antes de ser escravos,
 ¡irmáns, irmáns gallegos!
 que corra o sangue a regos
 dende a montana ó mar.

¡Ergámonos sin medo!
 ¡Que o lume da toxeira
 envolva na fogueira
 o pazo señorial!

Ramón Cabanillas: *Vento mareiro*

Temática

Os mozos mariñeiros da fiada
 lémbrense rindo alleos de coidados;
 cheira a aceite e pemento requemados
 rustrido de xurés en caldeirada.

Conta o patrón nun corro a treboada
 do ano setenta –historia de afogados–;
 e empuxándose, inando, entran mollados
 os homes dunha "lancha de enviada".

Ramón Cabanillas: *No desterro*

Temática



¡Nin rosiñas brancas, nin claveles
roxos!

Eu venero as froliñas dos toxos.

Dos toxales as tenues froliñas,
que sorríen, a medo, entre espiñas.

Noriega Varela: Do ermo

Temática:

¿Cando vas tomar o leite?,
me andaba decindo Anxela,
cada vez que viña á vila
vender ovos ou manteiga,
i eu, por dar gusto á curmán
i adivertirme na aldea,
unha tardiña de abril
determineime e fun vela.

Noriega Varela: *Montañasas*

Temática:.....

1.3 O Grupo Nós

Ao Grupo Nós débémolles a **modernización e europeización** da nosa cultura e a renovación da prosa, pois cultivaron o **ensaio e a narrativa**. O seu nome procede da **revista Nós**, fundada en Ourense no ano 1920 e que desapareceu no ano 1936 co comezo da Guerra. Foi a publicación máis importante da época e divulgou artigos de diferentes temáticas da cultura galega.

A maioría dos seus membros teñen unha procedencia social acomodada e son da zona de Ourense, excepto Castelao que se encargou da parte artística e proviña dun ambiente mariñeiro. Destacaremos a **Vicente Risco, Otero Pedrayo e Alfonso Daniel Rodríguez Castelao**.

Vicente Risco

Naceu en Ourense no ano 1884. Funda con Otero Pedrayo e Cuevillas, posteriormente os tres membros do Grupo Nós, a revista *La Centuria*. Únese ás Irmandades da Fala, onde se converte no **primeiro teórico do nacionalismo** e é o encargado de **dirixir a revista Nós**. Dirixe a sección de Etnografía e Folclore do Seminario dos Estudos Galegos. Tamén participa na vida política do Partido Galeguista cunha perspectiva máis ben conservadora. Coa chegada da ditadura deixa de escribir en galego.

A súa obra amosa a súa gran **formación intelectual** e tamén ten presenza de elementos **humorísticos**, inspírase en **crenzas populares** e das ciencias ocultas. Cultiva tanto a narrativa como o ensaio sobre o galeguismo e experiencias de viaxes por Europa,

ademais de teatro ambientado na época medieval. As súas obras narrativas longas son as seguintes:

- ***Do caso que lle aconteceu ao doutor Alveiros*** (1919) é outra obra na que o protagonista ten contacto co mundo dos mortos e libera a momia Tutankamón.
- ***O porco de pé*** (1928) critica en ton burlesco o materialismo e vulgaridade da burguesía chegada de fóra, na figura de D. Celidonio, vendedor castelán que chegará a ser alcalde.

Ramón Otero Pedrayo

Nace en Ourense no ano 1888 nunha familia fidalga. Estuda Filosofía e Letras e Dereito. Foi **profesor** en institutos e na Universidade de Santiago. Como Risco, foi membro das Irmandades e do Partido Galeguista, partido que representou como **deputado** de Ourense. Ao chegar a Guerra Civil foi apartado do seu traballo. No ano 1950 promove a fundación da **editorial Galaxia**.

Escribiu ensaio sobre temas de xeografía e historia e teatro situado na comarca do Ribeiro, mais destaca na narrativa. Nas súas obras abundan as **descricións** de paisaxes e ambientes, así como o uso de **simbolismo e de referencias culturais**. Destacan as seguintes novelas longas:

- ***Os camiños da vida*** (1928) trata dos cambios da Galicia do século XIX. Está protagonizada por dúas familias **fidalgas** e amósase a decadencia desta clase e o ascenso da burguesía.
- ***Arredor de si*** (1930) conta a conversión ao galeguismo do protagonista, Adrián Solovio. Este viaxa por Europa, onde se reencontra coa súa terra.

Castelao

É a figura máis destacada da cultura galega no século XX. Ademais de dedicarse á literatura, foi **político e debuxante**.

Naceu na vila de Rianxo. Estuda o Bacharelato e **Medicina** en Santiago de Compostela. Entra en contacto coas Irmandades da Fala e dedícase á **dirección artística da revista Nós**. Tamén forma parte do Seminario de Estudos Galegos e participa na creación do Partido Galeguista, do que foi un dos seus deputados máis activos.

Tralo comezo da Guerra Civil **exíliase** en Nova York e en **Bos Aires**, onde preside o Consello de Galicia. Morre en Arxentina no ano 1950. No ano 1984 nun acto multitudinario os seus restos son trasladados ao Panteón de Galegos Ilustres, en Santiago.

Na súa obra **denuncia as inxustizas das clases populares**, defende a lingua galega, utiliza a **ironía e o humor** para criticar a sociedade e as súas narracións destacan pola presenza de **recursos expresivos máis propios da lírica**.

A súa obra de ensaio máis importante é ***Sempre en Galiza***, na que define a Galiza coas características propias dunha nación e desenvolve o seu pensamento galeguista.

Canto ao teatro, foi o autor de ***Os vellos non deben namorarse***. En cada unha das tres partes preséntase unha situación dun vello namorado dunha moza que acaba morrendo. No epílogo os tres vellos convertidos en esqueletos analizan as circunstancias da súa morte, lamentan a súa imprudencia e coñecen a situación das súas mozas. Nesta obra concédelle gran importancia á **escenografía** e, por este motivo, supuxo a modernización do teatro na época.

Na narrativa destaca polas seguintes obras:

- ***Un ollo de vidro*** é unha novela na que trata o tema do máis alá e predomina o **humor negro**: un esqueleto fala da súa vida no cemiterio.
- ***Cousas*** é unha obra que mestura a narrativa co seu labor de debuxante. Trátase de **breves relatos acompañados dunha ilustración** nos que describe a realidade galega a través de distintas situacións que lle acontecen a personaxes do pobo.
- ***Retrincos*** consta de 5 relatos que se corresponden con acontecementos da súa vida.
- ***Os dous de sempre*** é a súa única **novela longa**. Nela preséntase a evolución da vida de dous amigos: Pedro e Rañolas. Rañolas parte dunha situación de dureza e vai superando dificultades, mais Pedriño é materialista e pouco traballador e só lle preocupa comer e descansar.

Por último, destácanse da súa faceta como debuxante o álbum ***Nós*** e a serie ***Cousas da vida***, na que presenta unha visión da Galiza da época a través de personaxes populares. Adoitan ir acompañados de pequenos diálogos.

EXERCICIOS

Exercicio 3

Relaciona as seguintes características cun autor do Grupo Nós: CASTELAO, RISCO,OTERO PEDRAYO.

- Foi director da revista Nós. RISCO
- Escribe ensaios sobre xeografía e historia.
- Moderniza o teatro galego grazas á súa escenografía.....
- Despois da Guerra Civil abandona o galeguismo.
- Publicou relatos acompañados de debuxos.

- f) Utiliza na narrativa recursos expresivos da poesía.
- g) Nunha das súas obras amosa a evolución ideolóxica cara ao galeguismo do protagonista.
- h) Critica a vulgaridade e o materialismo da nova burguesía a través da imaxe dun porco.

Exercicio 4

Responde as seguintes preguntas sobre este texto do ensaio *Sempre en Galiza* de Castelao.

E diríalles máis: prohibistes o galego nas escolas para producir no espírito dos nosos rapaces un complexo de inferioridade, facéndolles crer que falar galego era falar mal e que falar castelán era falar ben. Expulsastes o galego das igrexas, facendo que os representantes de Cristo explicasen o Evanxeo no idioma oficial, que o pobo non falaba nin comprendía ben. Refugastes o galego ante os Tribunais de Xustiza e chegastes a castelanizar barbaramente as toponimias galegas. ¿E de que vos valeu? Porque despois de máis de catro séculos de política asimilista, exercida con toda a riqueza de astucias e violencias, o noso idioma está vivo. Sodes, pois, uns imperialistas fracasados.

- a) En que ámbitos se prohibiu o galego?
- b) Por que o alumnado tiña un complexo de inferioridade por falar galego?
- c) Que pasou cos topónimos?
- d) Por que fracasan os imperialistas?

1.3. As vangardas

As vangardas son unha serie de **movementos artísticos da Europa** de principios do século XX que procuran a **modernización da arte**. Na literatura teñen as características de defender a **liberdade creativa e a orixinalidade**, moitos poemas posúen verso libre sen rima nin métrica, elimínanse os signos de puntuación, utilízanse imaxes e amósase unha actitude contraria ao sentimentalismo.

En Galiza os escritores que incorporan as novidades das vangardas europeas denomínanse **Xeración do 25**. Crearon revistas literarias para dar a coñecer as súas obras ou aos representantes da vangarda europea.

As dúas correntes principais da poesía son:

- a) Mestura coa **tradición literaria galega**: hilozoísmo con Luís Amado Carballo e neotrobadorismo da man de autores como Fermín Bouza Brey ou Álvaro Cunqueiro.

O **hilozoísmo**, tamén chamado imaxinismo presenta unha **natureza humanizada**, con abundantes personificacións. Na métrica destacan os versos curtos e predominan os elementos que espertan os sentidos, sobre todo visuais (cores fortes) e auditivos. Aparece nos poemarios de **Luís Amado Carballo** *Proel* e *O galo*.

O **neotrobadorismo** nace tras a difusión dos cancioneros medievais. Estes poetas introducen elementos da **lírica medieval** como a ambientación ou **recursos repetitivos** (paralelismo ou refrán), combinados con **imaxes vangardistas**. As obras representativas son *Nao senlleira* de **Bouza Bey** ou *Cantiga nova que se chama riveira* de **Cunqueiro**.

- b) **Ruptura coa tradición literaria**, é dicir, unha **vangarda plena**: creacionismo do autor Manuel Antonio.

Nacido en Rianxo como Castelao, **Manuel Antonio** foi o autor máis innovador. Redacta con Álvaro Cebreiro o **manifesto "Máis alá"**, que busca romper coa tradición literaria, ademais de procurar que os autores galegos escriban en galego.

A súa obra ***De catro a catro*** estrutúrase como unha viaxe: partida, aventura e regreso. En todo momento está presente **o mar**, mesturado con temas como a soidade, a monotonía, a saudade, o silencio, a vida ou a morte. Algúns **trazos vangardistas** son o uso de imaxes, irregularidade nos versos, uso de espazos en branco, maiúsculas, simbolismo ou a ausencia de signos de puntuación.

En canto a outros xéneros literarios, o autor máis importante foi **Rafael Dieste**. Escribiu un conxunto de relatos de misterio titulado ***Dos arquivos do trasno***. Tamén publicou a obra de teatro ***A fiestra valdeira***, unha comedia sobre a identidade protagonizado por un emigrante retornado, cuxa familia quere ocultar a súa humilde orixe pero este reconcíliase co seu pasado mariñeiro.

EXERCICIOS

Exercicio 5

Le os seguintes fragmentos do manifesto "Máis alá" e relaciónaos cos seus títulos:

A FALA *A NOSA RAZÓN* *MOCIDADE* *NÓS*

Non é que nós adoezamos do tan estendido andazo de desbotar o vello por sistema e sen razón, cousa que se ve facer a miúdo ás Juventudes doutras terras. É que xa vai tendo carácter crónico a atrofia de sensibilidade na maioría dos que escriben en galego, e ameázanos o contaxio do pobo se non se atalla o mal.

Título:

Despois de ter dito que non traernos pretensións doutorais nin doutro xeito semellante, xa non cómpre dicir que estarnos moi lonxe de querer impor ningunha concreta lexislación estética.

Cansos xa de percorrer camiños vellos e fracasados, temos arrenegado de todos eles; pero non queremos sinalar un camiño determinado. A nosa ruta, nos primeiros pasos, quere tan só coñecer por onde non debemos ir: tódolos outros camiños poden ser nosos.

A novidade que enxerguemos é tan só un anedamento, un ceibamento do pasado sen a definición da súa resultanza: isto é arbitrariamente persoal.

Título:

Tamén nos temos, inda que noutra orde, os nosos imperativos, e comenzamos pola máis agresiva intrasixencia na Fala.

Unha fala que non estea pervertida por académicos nin por puristas; que non sufrise os estancamentos de verdugos armados de gramática que; a -emparedasen nun feixe de regras como quen garda un mito en sete huchas concéntricas, terá que ser unha fala de inmellorables posibilidades porque o seu estado ceibe permitirlle axeitarse a tódalas navidades, a tódolos variamentos porviristas que tome o noso gusto. E consentirlle o seu indeliñamento ser cicelado de xeito que ela sexa un instrumento do artista e non el escravo dela. Pero hai aínda unha razón de orde suprema: a nosa Fala é nosa.

Título:

Agora cómprevos dicir, mozos da nosa Terra, se pensades seguir indo costa abaixo polo tempo ou encarados co porvir. Se queredes libertarvos do xerme da vellez e da morte. Se queredes adornarvos da vosa mocidade ou seguir sacrificándoa nun altar de Mitos e Fracasos. Cómpre romper a marcha pola mesma estrada que fagamos cos nosos pasos e afrontar nela unha peregrinaxe sen chegada, porque en cada relanzo do camiño agárdanos unha voz que nos berra: "¡Máis alá!"

Título:

2. A longa noite de pedra.

O 18 de xullo de **1936 comeza unha Guerra Civil, que durará ata o ano 1939**, ano no que comeza a **ditadura de Francisco Franco**. Négase a diversidade cultural e lingüística do Estado, co lema de "Unha España única". A partir desta data parálizase a aprobación do *Estatuto de Autonomía* e a actividade galeguista e **literaria trasládase ao exilio**.

O galego sufriu unha forte **represión** e deixou de utilizarse en ámbitos formais, pois só se empregará en rexistros informais. **Pecharanse editoriais, revistas e xornais** que publicaban en galego. Moitos autores e políticos do Partido Galeguista sufrirán represalias como o cárcere, fusilamentos ou estarán obrigados a emigrar ao exilio.

2.1 A literatura no exilio

Ata os anos 50 a única produción literaria terá lugar no exilio americano en países como México, Cuba, Uruguai, Venezuela e sobre todo Arxentina. Xorden revistas e créanse editoriais.

Castelao exíliase en Bos Aires, onde seguirá defendendo a República e estreará con grande éxito a súa obra teatral *Os vellos non deben namorarse*.

A **poesía do exilio caracterízase por ser de denuncia social** e describirá a situación dos emigrados e a saudade da terra. Os autores máis representativos son **Luís Seoane**, tamén ilustrador, Lorenzo Varela e Emilio Pita.

En canto á **narrativa**, destacan Ramón Valenzuela e Silvio Santiago e, sobre todo, Eduardo Blanco Amor.

Eduardo Blanco Amor

Nace en Ourense en 1897. En Arxentina dedícase ao xornalismo e creará a Irmandade Nazionalista Galega. Colabora no exilio en actividades de oposición á ditadura franquista e defensa da república. No ano 1965 regresa a Ourense. Morre en Vigo en 1979.

Cultivou **todos os xéneros literarios**, mais destacou na narrativa coas obras *A esmorga*, *Os biosbardos* e *Xente ao lonxe*. As tres están ambientadas en **Auria (Ourense)** e nas dúas últimas hai un protagonista infantil ou xuvenil. Reflicte as vivencias persoais da época-

A esmorga, a súa obra máis recoñecida, reconstrúe as 24 horas de esmorga (de festa ou troula) de tres amigos. O único supervivente será Cibrán, protagonista da obra que comeza cun interrogatorio perante o xuíz.

SOLUCIÓNS

Exercicio 1

Sinala se os enunciados son verdadeiros (V) ou falsos (F):

- a) A Irmandades da Fala dedicábanse á investigación en galego. F
- b) O Partido Galeguista xorde coa chegada da I República. V
- c) O galego era falado pola maioría da poboación. V
- d) No século XX a fidalguía era máis importante que a burguesía. V
- e) A inicios do século XX prodúcense menos obras en galego que no século anterior.
F
- f) O campesiñado non logra que se eliminen os foros. F
- g) Antes da ditadura franquista hai unha guerra civil. V

Exercicio 2

Sinala a temática das estrofas de Cabanillas e Noriega Varela

Social

Intimista

Costumista

Paisaxística

Antes de ser escravos,
 ¡irmáns, irmáns gallegos!
 que corra o sangue a regos
 dende a montana ó mar.

¡Ergámonos sin medo!
 ¡Que o lume da toxeira
 envolva na fogueira
 o pazo señorial!

Ramón Cabanillas: *Vento mareiro*
 Temática SOCIAL

Os mozos mariñeiros da fiada
 lémbrense rindo alleos de coidados;
 cheira a aceite e pemento requemados
 rustrido de xurés en caldeirada.

Conta o patrón nun corro a treboada
 do ano setenta –historia de afogados–;
 e empuxándose, inando, entran mollados
 os homes dunha "lancha de enviada".

Ramón Cabanillas: *No desterro*
 Temática COSTUMISTA



¡Nin rosiñas brancas, nin claveles
roxos!

Eu venero as froliñas dos toxos.

Dos toxales as tenues froliñas,
que sorríen, a medo, entre espiñas.

Noriega Varela: Do ermo

Temática: PAISAXÍSTICA

¿Cando vas tomar o leite?,
me andaba decindo Anxela,
cada vez que viña á vila
vender ovos ou manteiga,
i eu, por dar gusto á curmán
i adivertirme na aldea,
unha tardiña de abril
determineime e fun vela.

Noriega Varela: *Montañasas*

Temática: COSTUMISTA

Exercicio 3

Relaciona as seguintes características cun autor do Grupo Nós: CASTELAO, RISCO, OTERO PEDRAYO.

- a) Foi director da revista Nós. RISCO
- b) Escribe ensaios sobre xeografía e historia. OTERO PEDRAYO
- c) Moderniza o teatro galego grazas á súa escenografía. CASTELAO
- d) Despois da Guerra Civil abandona o galeguismo.
- e) Publicou relatos acompañados de debuxos. CASTELAO
- f) Utiliza na narrativa recursos expresivos da poesía. CASTELAO
- g) Nunha das súas obras amosa a evolución ideolóxica cara ao galeguismo do protagonista. OTERO PEDRAYO
- h) Critica a vulgaridade e o materialismo da nova burguesía a través da imaxe dun porco. RISCO

Exercicio 4

Responde as seguintes preguntas sobre este texto do ensaio *Sempre en Galiza* de Castelao.



E diríalles máis: prohibistes o galego nas escolas para producir no espírito dos nosos rapaces un complexo de inferioridade, facéndolles crer que falar galego era falar mal e que falar castelán era falar ben. Expulsastes o galego das igrexas, facendo que os representantes de Cristo explicasen o Evanxeo no idioma oficial, que o pobo non falaba nin comprendía ben. Refugastes o galego ante os Tribunais de Xustiza e chegastes a castelanizar barbaramente as toponimias galegas. ¿E de que vos valeu? Porque despois de máis de catro séculos de política asimilista, exercida con toda a riqueza de astucias e violencias, o noso idioma está vivo. Sodes, pois, uns imperialistas fracasados.

a) En que ámbitos se prohibiu o galego?

Na escola, na igrexa, na xustiza e na toponimia.

b) Por que o alumnado tiña un complexo de inferioridade por falar galego?

Porque se lles facía crer que falar galego era falar mal e falar castelán era falar ben.

c) Que pasou cos topónimos?

Que se castelanizaron.

d) Por que fracasan os imperialistas?

Porque o idioma segue vivo.

Exercicio 5

Le os seguintes fragmentos do manifesto “Máis alá” e relaciónaos cos seus títulos:

A FALA A NOSA RAZÓN MOCIDADE NÓS

Non é que nós adoezamos do tan estendido andazo de desbotar o vello por sistema e sen razón, cousa que se ve facer a miúdo ás Juventudes doutras terras. É que xa vai tendo carácter crónico a atrofia de sensibilidade na maioría dos que escriben en galego, e ameázanos o contaxio do pobo se non se atalla o mal.

Título: *A NOSA RAZÓN*

Despois de ter dito que non traernos pretensións doutorais nin doutro xeito semellante, xa non cómpre dicir que estarnos moi lonxe de querer impor ningunha concreta lexislación estética.

Cansos xa de percorrer camiños vellos e fracasados, temos arrenegado de todos eles;

pero non queremos sinalar un camiño determinado. A nosa ruta, nos primeiros pasos, quere tan só coñecer por onde non debemos ir: tódolos outros camiños poden ser nosos.

A novidade que enxerguemos é tan só un anedamento, un ceibamento do pasado sen a definición da súa resultanza: isto é arbitrariamente persoal.

Título: *NÓS*

Tamén nos temos, inda que noutra orde, os nosos imperativos, e comenzamos pola máis agresiva intrasixencia na Fala.

Unha fala que non estea pervertida por académicos nin por puristas; que non sufrise os estancamentos de verdugos armados de gramática que; a -emparedasen nun feixe de regras como quen garda un mito en sete huchas concéntricas, terá que ser unha fala de inmellorables posibilidades porque o seu estado ceibe permitirlle axeitarse a tódalas navidades, a tódolos variamentos porviristas que tome o noso gusto. E consentirlle o seu indeliñamento ser cicelado de xeito que ela sexa un instrumento do artista e non el escravo dela. Pero hai aínda unha razón de orde suprema: a nosa Fala é nosa.

Título: *A FALA*

Agora cómprevos dicir, mozos da nosa Terra, se pensades seguir indo costa abaixo polo tempo ou encarados co porvir. Se queredes libertarvos do xerme da vellez e da morte. Se queredes adornarvos da vosa mocidade ou seguir sacrificándoa nun altar de Mitos e Fracasos. Cómpre romper a marcha pola mesma estrada que fagamos cos nosos pasos e afrontar nela unha peregrinaxe sen chegada, porque en cada relanzo do camiño agárdanos unha voz que nos berra: "¡Máis alá!"

Título: *MOCIDADE*